



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO
DO CONSELLO SOCIAL DO 27.05.2026**

LUGAR: Sala Manolo Ramos do edificio Ernestina Otero, campus de Vigo

DATA: 27.05.2026

HORA DE COMEZO: 12:45 h.

HORA DE REMATE: 14:55 h.

LISTA DE ASISTENTES:

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Bravo Bosch, María José
Calviño Rodríguez, Xulio
Caparrini Marín, Natalia
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Fernández Zunzunegui, Emilio
García Míguez, María de los Ángeles
Gómez Xunqueira, Demetrio
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
Lesmes Romero, Yolanda
Lima González, Estela
López Fernández, Yolanda
Martínez Alonso, David
Martiño Gómez, Antonio
Mollinedo Lois, Carlos
Muleiro García, Avelino
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

DESCULPARON ASISTENCIA:

González Pérez, José Ignacio
Macho Senra, Antonio
Santamaría Conde, Juan José

NON ASISTIRON:

Novoa Fernández, Luis

SECRETARIO:

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O mércores, 27 de maio de 2026, ás 12:45 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (29.12.2025).
2. Informe do presidente. Entrega da Memoria do Consello Social de 2024. Axudas 2025, asistencias, resumen de reunións e acordos adoptados. Informe GUESSS.
3. Informe do reitor.
4. Informe que proceda sobre a tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento da Universidade de Vigo para o curso 2027/2028.

Propostas de aprobación e acordos da Comisión Económica do 11 de maio de 2026

5. Aprobación, se procede, do convenio de cooperación educativa entre a entidade mercantil EUSES-VIGO, S.L.U. e a Universidade de Vigo, para a adscrición do Centro Universitario "EUSES-VIGO".
6. Actualización de asuntos pendentes:
 - Eliminación do remanente existente en FEUGA o próximo mes de outubro.
 - Cumprimento das recomendacións feitas polo Consello de Contas.
 - Información rexistral e catastral dos bens inmobles e terreos vinculados á Universidade de Vigo.
 - Comparativa do remanente de Tesouraría dispoñible da Universidade de Vigo nos exercicios 2024 e 2023.
7. Aprobación de prezos públicos: administrativos, residencias e Campus Camp.
8. Informe que proceda sobre o proxecto de decreto polo que se fixan os prezos públicos nas universidades do Sistema Universitario Galego, para a prestación de servizos no curso 2026/2027.
9. Comparecencias: presidente da Mesa de Contratación.
10. Outros asuntos. Seguimento (auditorías operativas, convenios, doazóns ,cesión de espazos e arrendamentos).

Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos do 19 de febreiro de 2026

11. Aprobación, se procede, da asignación de axudas a Prácticums, consonte convocatoria do Consello Social para 2026. Incremento da dotación.
12. Renovación da páxina web do Consello Social. Presentación da proposta de contidos e utilidades. Deseños. Orzamento.
13. Aprobación, se procede, dunha axuda do Consello Social para a financiación dos cursos eDestrezas que aportan competencias dixitais ao alumnado, PTXAS e PDI.
14. Proposta de renovación do servizo técnico para mantemento informático e actualización continuada dos escritos e gráficas da páxina web do Consello Social.
15. Outros acordos, axudas e patrocinios.

Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos do 9 de abril de 2026

16. Licitación do estudo sobre as persoas tituladas da Universidade de Vigo. Dotación orzamentaria.
 17. Outros acordos (delegación no presidente, axudas e patrocinios).
 18. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para organizar un seminario na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, sobre "Administración de Xustiza: intelixencia artificial, retos e desafíos".
 19. Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada para a organización do Campamento tecnolóxico no Campus de Ourense, para fomentar as vocacións femininas TIC.
 20. Acordo que proceda sobre a petición do CINTEX para organizar un congreso internacional para promover e formar investigadores en etapas iniciais, achegarse ao tecido produtivo e fomentar a empregabilidade e a transferencia.
 21. Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos cursos de Extensión Universitaria para o 2026, nos campus de Ourense, Vigo e Pontevedra.
 22. Rogos e preguntas.
-



O presidente dá a benvida aos asistentes, e refire a excepcionalidade da sesión polo inminente cambio do Equipo de Goberno como resultado das recentes eleccións. Agradece a presenza e a elevada concorrencia que seguen a rexistrar os plenos do Consello Social.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (29.12.2025).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente. Entrega da Memoria do Consello Social de 2024.

Axudas 2025, asistencia, resumen de reunións e acordos adoptados. Informe GUESSS.

Principia Ernesto Pedrosa dando conta de xeito resumido das conclusións máis significativas do "Informe da universidade española en cifras", entre outras que: non presenta un sobredimensionamento en número, contribúe á igualdade de oportunidades, presenta niveles de rendemento académico e empregabilidade superiores ás medias da OCDE, soporta unha insuficiencia estrutural de financiación, concentra a maior parte da produción científica, e presenta avances e debilidades en transferencia de coñecemento e innovación ao sector empresarial. Manifesta que considera de interese facer estas reflexións porque "axúdanos aos consellos sociais a dispor de contextos globais, máis alá dos asuntos domésticos".

De seguido dá conta da documentación que se achega, principalmente das cifras do Consello Social en 2025: axudas concedidas, número total de reunións, asistencia e acordos, con táboas comparativas entre os últimos anos, e cita as conclusións do informe GUESSS, elaborado coa colaboración do Consello Social e coas respostas de máis de tres mil estudantes da Universidade de Vigo, do que se desprende, entre outras lecturas, que o 13,5% do alumnado realiza trámites para crear o seu propio negocio, e que case un 6% xa o puxo en marcha. Recomenda a súa lectura.

No eido económico refire o presidente -e cualifica de grave- o longo proceso seguido dende o Servizo de Xestión Económica e Contratación para licitar o contrato da auditoría de contas da Universidade de Vigo, que dificulta e mesmo impide que o Consello Social poida cumprir as súas obrigas dentro dos prazos legais establecidos. Subliña o acordo da Comisión Económica expresando a disconformidade e desaprobación coa actuación da Mesa de Contratación neste asunto, que merece a primeira reprobación na historia do Consello Social a un servizo da Universidade de Vigo.

Sobre o proceso electoral á Reitoría, destaca a modélica campaña e o comportamento dos candidatos. "O ton das declaracións en ningún momento mostrou vencedores e vencidos, e os tres candidatos son merecedores da nosa gratitude por terse significado como portadores de valores que transcenderon os seus intereses persoais e as súas lexitimas ambicións e expresaron unha xenerosa vocación de servizo á academia". Recoñécelle a Manuel Reigosa "a serenidade en momentos difíciles, e a convicción en escenarios incertos", e agradécelle ter conducido á Universidade de Vigo sempre cara adiante.

Á nova reitora, Carmen García, deséxalle determinación e acertos, lembrándolle a importancia de atender e ocuparse das condicións sociais e vitais do estudantado, e "ás necesidades de quen dá vida as nosas aulas".

Informa finalmente da homenaxe que prepara a Universidade de Vigo ao Consello Social no mes de xuño, en conmemoración do seu trinta aniversario e en recoñecemento da súa persoa. Lembra aos centos de persoas que dedicaron tempo e esforzos á Universidade de Vigo neste tempo, e de xeito especial aos seus predecesores (Alfonso Zulueta e Emilio Atrio), "que foron determinantes para chegar aquí". Remata Ernesto Pedrosa agradecendo profundamente a iniciativa ao reitor, "polo que representa de recoñecemento a unha responsabilidade que exercemos da mellor maneira posible, cos maiores afectos e con todas as capacidades das que dispoñamos".

PUNTO 3

Informe do reitor.

Dá conta o reitor dun calendario de acontecementos importantes a corto prazo, que principian por un Doutoramento Honoris Causa do catedrático Manuel Seixas Sampaio, quen foi reitor da Universidade de Lisboa e candidato á presidencia de Portugal, e rematan coa toma de posesión da nova reitora da Universidade de Vigo. E no medio, á homenaxe da Universidade de Vigo ao Consello Social polo seu trinta aniversario e ao seu presidente. Cualifica como acto de xustiza que haxa este recoñecemento e manifesta que atopou un conxunto de persoas no Consello Social que está a traballar pola universidade. Afirmar que "sinto e sentín o voso apoio e a voz da Universidade de Vigo en todo momento".



Na súa intervención fai referencia á evolución do financiamento da universidade respecto do PIB; a mellora da Universidade de Vigo nos rankings máis importantes; a situación, previsións e expectativas de Medicina, dando por rematado o procedemento; os primeiros informes sobre radon. Reflexiona tamén sobre o procedemento e a súa aplicación en casos de acoso sexual. Eloxia o plan de especialización dos campus; agradece a colaboración do alcalde de Pontevedra; fala con agarimo da toma de posesión de novos profesores titulares e catedráticos; e anuncia que se levará a cabo un traspaso de poderes ao novo equipo reitoral "dialogado e transparente".

Remata Manuel Reigosa agradecendo o esforzo e compromiso de Consello Social, e despídese declarando que será o seu mellor embaixador".

Ernesto Pedrosa transmite o agradecemento do Consello Social e faise representante do sentir xeral respecto da súa "excelente labor" merecente dos eloxios profesionais e persoais entre os reitores españois.

Emilio Zunzunegui louva as facilidades e o clima que Manuel Reigosa proporcionou ao Consello Social, valora a independencia e autonomía que lle facilitou e a accesibilidade en todo momento. Recoñece tamén no reitor o compromiso pola defensa da institución como servizo público, e o liderado que asumiu en momentos complicados como cando se asomaron títulos que xa estaban sendo ofertados polas universidades públicas, ou cando foi preciso o desbloqueo dos estudos de Medicina. Só bota en falta e cualifica de mágoa que non frutificase o intento de achegarse á cidade.

PUNTO 4

Informe que proceda sobre a tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento da Universidade de Vigo para o curso 2027/2028.

O vicerreitor Alfonso Lago agradece a invitación do Consello Social para dar conta das novas propostas e detalla as circunstancias e procesos seguidos, precisando que non houbo ningunha alegación. Aclara que non hai ningún grao novo por estar pechado o mapa de titulacións. Rematada a exposición, o secretario agradécelle a Alfonso Lago "a disposición e receptividade extremas" ás convocatorias, consultas e peticións do Consello Social, que reitera o presidente e solicita que quede constancia.

• O pleno informa favorablemente.

Toma a palabra Juan M. Vieites para dar conta dos asuntos tratados na Comisión Económica que preside. Principia manifestando que non se puido analizar o remanente de tesouraría dispoñible provisional antes do día un de marzo, "como establecen as normas e como se fixo sempre", debido ao retraso na contratación do auditor externo. Subliña que se convocou ao presidente da Mesa de Contratación para pedirlle as explicacións oportunas sobre o retraso e transmitirle as indesexables consecuencias do inexplicable retraso na licitación do contrato, comparecencia da que dará conta no punto 9.

Tamén fai unha reflexión de conxunto sobre a orde do día da comisión, na que se evidencia a implicación no seguimento e exame do cumprimento das obrigas e recomendacións que realizan os órganos externos de control sobre a actividade da Universidade de Vigo, así como sobre as actuacións que a Xerencia leva a cabo para paliar as deficiencias que se detectan.

PUNTO 5

Aprobación, se procede, do convenio de cooperación educativa entre a entidade mercantil EUSES-VIGO, S.L.U. e a Universidade de Vigo, para a adscrición do Centro Universitario "EUSES-VIGO".

Sinala Juan M. Vieites que o convenio ten por obxecto regular as condicións para a adscrición á Universidade de Vigo do Centro EUSES-VIGO, no que se impartirán ensinanzas universitarias. Os títulos terán os mesmos efectos académicos e profesionais que os cursados nos centros propios da Universidade de Vigo. O centro situarase nas instalacións da Cidade deportiva Afouteza. Os estudantes deberán cumprir os requisitos de ingreso previstos legalmente para o acceso á universidade. Os títulos oficiais que se poderán cursar son os Graos en Psicoloxía, Enfermaría, Xestión Deportiva, Produción de música e son para a industria do entretemento, e Deseño e Arte para videoxogos.

Engade o reitor que o acordo dá á Universidade de Vigo o control absoluto das titulacións. Informa do proceso negociador, e das vantaxes que representa ir da man da marca Celta de Vigo para abrir novas oportunidades para a universidade no mercado iberoamericano.

• Apróbase por asentimento.



PUNTO 6

Actualización de asuntos pendentes:

- *Eliminación do remanente existente en FEUGA o próximo mes de outubro.*
- *Cumprimento das recomendacións feitas polo Consello de Contas.*
- *Información rexistral e catastral dos bens inmobles e terreos vinculados á Universidade de Vigo.*
- *Comparativa do remanente de Tesouraría dispoñible da Universidade de Vigo nos exercicios 2024 e 2023.*

Recóllense neste punto asuntos pendentes de ser informados pola Xerencia, dos que a comisión fai un seguimento periódico, dada a súa importancia, para coñecer a súa evolución.

- FEUGA - Informa o presidente que a comisión abordou en varias reunións á liquidación de FEUGA e que, tras sucesivos aprazamentos, fixouse o límite definitivo para levala a cabo en outubro de 2026. Expón que a comisión informou favorablemente o modelo de carta que se remitirá aos investigadores que teñen fondos en FEUGA, para que procedan á liquidación dos fondos dos proxectos que manteñan activos.
 - CONSELLO DE CONTAS - Aclara o presidente que se solicitou á Xerencia un informe do estado dos avances que se teñan producido para cumprir as recomendacións do Consello de Contas á Universidade de Vigo. Lembra que a comisión comezou a tratar este asunto en setembro de 2024, e que en febreiro de 2025 a Xerencia remitiu un primeiro informe de situación.
No informe presentado a esta comisión do pasado 11 de maio, "vemos que non se produciron avances nestes catro meses", fundamentalmente en relación á fiscalización das recomendacións relativas ao Control Interno, o que afecta directamente a este Consello Social dadas as responsabilidades que lle outorga a LOSU. Intervén a xerente para expoñer os asuntos clave que quedan por afrontar e o posible escenario e calendario para poder resolver a medio prazo, e argumenta que os recursos humanos son limitados e se están a concentrar os esforzos no inventario.
Juan Manuel Vieites conclúe que este asunto "preocúpanos seriamente, máis aínda por significarse como un tema que non parece preocupar fóra da comisión". Advirte que se seguirá a preguntar pola evolución.
 - TERREOS - Anuncia o presidente que se lle pediu tamén á Xerencia que actualice os avances na información rexistral e catastral asociada aos bens inmobles e terreos vinculados á Universidade de Vigo. Sobre o informe recibido sinala que se agradece o detalle, dado que veñen reflexados todos os campus e edificios da universidade. A xerente salienta que é a primeira vez que se aborda isto, pero non ten explicación de por que non o abordaron equipos anteriores, ou mesmo o desaparecido Servizo de Patrimonio.
Vieites resume que dende a comisión seguirase a pedir que á próxima Xerencia continúe coas xestións e siga a informar sobre os avances desta foto inicial.
 - REMANENTES 2024-2023 - Anticipa o presidente que no pleno de novembro pedíuselle á Xerencia unha comparativa do remanente de tesouraría dispoñible da Universidade de Vigo entre os exercicios 2024 e 2023 para levantar a 2ª salvidade do informe de auditoría do exercicio 2024, un informe sobre a comparativa entre o remanente de tesouraría de libre disposición do exercicio 2023 co criterio utilizado no exercicio 2024 para poder dar por cumprida a salvidade expresada polo auditor externo nas contas anuais de 2024.
Á vista do informe recibido, apunta que se constata que co novo método de cálculo ambos remanentes son superiores aos calculados co antigo método, e ambos son positivos. "Esperamos que o equipo auditor dea por boa a comparativa para eliminar a salvidade en futuros exercicios".
Explica que tamén se recibiu o informe relativo á salvidade habitual dende as contas do exercicio 2022 sobre o inventario, no que se recolle que a Universidade de Vigo está recalculando o valor dos bens para actualizar os datos do balance, co que, unha vez revisada polo novo auditor, dita salvidade "entendemos que pode quedar liquidada". Agradece o esforzo feito para atallar este problema.
- **O pleno dáse por informado.**

Concluído este apartado de asuntos pendentes, Juan Manuel Vieites agradece a Yolanda Lesmes a súa colaboración e implicación nas responsabilidades e obrigas da comisión, "por ter atendido, elaborado e remitido todas as peticións de datos solicitadas, por tratar de contestar a todas as nosas preguntas, por aclararnos moitas dúbidas e por despexarnos algúns temores", "e -engade- cónstame que non sempre lle resultou doado obter os datos nin documentar as respostas". "Por iso quero que quede constancia do recoñecemento da Comisión Económica do Consello Social".



PUNTO 7

Aprobación de prezos públicos: administrativos, residencias e Campus Camp.

Comenta o presidente neste punto a aprobación dos prezos por servizos administrativos e académicos para titulacións oficiais da Universidade de Vigo, para o alumnado visitante e para as probas de acceso ao Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

Tamén a aprobación dos prezos das residencias da Universidade de Vigo para o vindeiro curso, e a aprobación dos prezos para las actividades do Campus Camp.

- ***O pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 8

Informe que proceda sobre o proxecto de decreto polo que se fixan os prezos públicos nas universidades do Sistema Universitario Galego, para a prestación de servizos no curso 2026/2027.

Refire o presidente que en atención ao disposto no artigo 75.3f) da Lei 6/2013 do SUG, o Consello Social debe emitir anualmente un informe sobre os prezos públicos dos estudos universitarios oficiais, e que á vista da documentación analizada, a comisión acordou emitir informe favorable.

- ***O pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 9

Comparecencias: presidente da Mesa de Contratación.

Describe Juan M. Vieites a comparecencia do presidente da Mesa de Contratación da Universidade de Vigo, o vicerreitor Félix Quintero, que acudiu á petición da comisión para que explicase as causas do "longo e estraño" proceso seguido para a contratación da auditoría de contas da Universidade de Vigo. Reitera que esta circunstancia impediu poder cumprir coa obriga de iniciar o proceso de análise das contas co avance da liquidación que deberíamos ter feito antes de marzo, e que non podemos facer por non ter o avance da auditoría, "e o mesmo podería suceder coa aprobación das contas dentro do prazo de xuño".

Remite á acta da comisión para ver como transcorreu a comparecencia e cales foron as explicacións, e mesmo como varios membros da comisión expuxeron severas críticas ao procedemento seguido. Resume o presidente que a comisión acordou trasladarlle ao presidente da Mesa a desconformidade coa actuación do Servizo de Contratación e da propia Mesa de Contratación en este caso, e a desaprobación por unhas actitudes, accións e omisións que considera reprobables. Como conclusión sinala que a comisión acordou comunicar os feitos e o malestar por escrito aos órganos de goberno competentes, coa advertencia engadida da incerteza sobre a aprobación polo Consello Social das contas anuais da Universidade de Vigo antes do 30 de xuño. "O Consello Social non se pode facer responsable da aprobación nestas circunstancias".

Tras as opinións e reflexións de varios asistentes, o reitor concorda en que probablemente se poidan mellorar algúns procedementos, fai unha chamada á cordura e afirma que se debe facer o posible "para que non volva a ocorrer". Ernesto Pedrosa engade que "hai que mirar cara adiante".

- ***O pleno dáse por informado.***

PUNTO 10

Outros asuntos. Seguimento (auditorías operativas, convenios, doazóns ,cesión de espazos e arrendamentos).

Neste punto, Juan M. Vieites agrupa acordos e pronunciamentos favorables da comisión sobre os seguintes asuntos:

- Aproveitamento que se está a facer e utilidade das conclusións e recomendación contidas na auditoría operativa sobre "Procedementos de xestión económica da Universidade de Vigo, con especial referencia aos fondos MRR recibidos". A xerente deu conta dos pasos que se están a dar, e de accións concretas dende o punto de vista da ética pública.
- Supervisión e seguimento da aplicación do Regulamento de xestión do patrimonio da Universidade de Vigo: Doazóns bens mobles amortizados ou obsoletos (art. 20.4); Doazóns menores e correntes (art. 25.2); Arrendamentos (art. 26).
- Supervisión e seguimento da aplicación da Normativa de cesión de espazos universitarios. Informe sobre as dispensas de pago concedidas pola Xerencia (art.3).
- Convenios firmados pola Universidade de Vigo no mes de decembro de 2025 e xaneiro, febreiro e marzo de 2026.

- ***O pleno dáse por informado.***



PUNTOS 11, 12, 13 , 14 e 15

Aprobación, se procede, da asignación de axudas a Prácticums, consonte convocatoria do Consello Social para 2026. Incremento da dotación.

Renovación da páxina web do Consello Social. Presentación da proposta de contidos e utilidades. Deseños. Orzamento.

Aprobación, se procede, dunha axuda do Consello Social para a financiación dos cursos eDestrezas que aportan competencias dixitais ao alumnado, PTXAS e PDI.

Proposta de renovación do servizo técnico para mantemento informático e actualización continuada dos escritos e gráficas da páxina web do Consello Social.

Outros acordos, axudas e patrocinios.

O presidente introduce este bloque de forma conxunta, subliñando a proposta que a comisión remite ao pleno para elevar a dotación da convocatoria de Prácticums aos 35.000 euros. Lembra Ernesto Pedrosa que actualmente dispón de 30 mil euros, que se revelan insuficientes para dar resposta ao crecente número de solicitudes que se rexistran cada ano. Consonte informe do secretario recollido no punto 15, o prazo de solicitudes para 2026 pechouse con 14 peticións recibidas, dúas máis que en 2025 e o número máis alto de todas as edicións. Tamén se sitúa en máximos o importe total solicitado que ascende a 73.140 €, fronte aos 51.650 € da edición anterior. Practicamente todas as asignacións que se conceden nesta comisión, exceptuando Historia que solicita 1.500 €, se sitúan entre os 2.000 e os 2.500 €. O importe das cantidades solicitadas vai dende os 3.000 € de Bioloxía ata os 12.100 € de Empresariais e Turismo.

A comisión eleva tamén ao pleno a proposta de aportar 10.000 € ao proxecto eDestrezas, auspiciado pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, para fomentar a competencia dixital de estudantes, PTXAS e PDI.

• Apróbanse por asentimento.

Sobre os restantes asuntos remítese ao resumo que se achega como documentación recollida no punto 15, no que se dá conta de tódolos temas tratados na comisión.

• O pleno dáse por informado.

PUNTO 16

Licitación do estudo sobre as persoas tituladas da Universidade de Vigo. Dotación orzamentaria.

Infórmase ao pleno do inicio da tramitación para licitar a contratación do estudo sobre a inserción dos titulados da Universidade de Vigo, en liña de continuidade cos traballos desenvolvidos durante os últimos anos, a través do apoio a iniciativas como o Observatorio de Egresados. Neste senso, e para mellorar a conexión entre os titulados e a sociedade, mantén a prórroga do estudo específico para coñecer no momento actual a empregabilidade das persoas tituladas pola Universidade de Vigo en estudos oficiais de grado, mestrado e doutoramento no curso 2022/2023, a efectos de contribuír a mellorar o posicionamento da Universidade de Vigo e coñecer o perfil profesional e as necesidades de formación complementaria requiridas polos titulados no quinquenio 2019-2023. Para 2026, a base impositible máis IVE ascende a 36.300 € e contrátase con opción a unha prórroga para 2027.

• Apróbase por asentimento.

PUNTO 17

Outros acordos (delegación no presidente, axudas e patrocinios).

Na documentación que se achega figura un informe-resumo de todos os temas tratados e aprobados na comisión. Ademais dos acordos sobre axudas, colaboracións e patrocinios, inclúese unha delegación no presidente para a distribución previa das Bolsas-colaboración que concede o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes á Universidade de Vigo para o curso 2026/2027. O presidente xustifica a petición pola imprevisibilidade da data na que se fai a convocatoria dende o ministerio e polos curtos prazos nos que se desenvolve. A decisión será comunicada ao pleno á maior brevidade posible.

• O pleno dáse por informado.

PUNTO 18

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para organizar un seminario na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, sobre "Administración de Xustiza: intelixencia artificial, retos e desafíos".



O presidente propón colaborar en liña co apoio que se ven prestando a iniciativas similares organizadas polo profesorado.

- **Asígnanse 1.000 €.**

PUNTO 19

Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada para a organización do Campamento tecnolóxico no Campus de Ourense, para fomentar as vocacións femininas TIC.

Destaca o presidente a contribución do campamento a reducir a fenda de xénero nos graos relacionados coa informática, promovendo vocacións tecnolóxicas entre as nenas. Aplícase a redución correspondente sobre a axuda concedida o pasado ano.

- **Apróbase unha aportación de 1.300 €.**

PUNTO 20

Acordo que proceda sobre a petición do CINTEX para organizar un congreso internacional para promover e formar investigadores en etapas iniciais, achegarse ao tecido produtivo e fomentar a empregabilidade e a transferencia.

Valóranse os obxectivos do congreso, e a destacada orientación para promover a investigación emerxente, formación do persoal investigador en etapas iniciais e o fortalecemento da conexión co tecido produtivo, empregabilidade, transferencia e achegamento da universidade á sociedade.

- **Concédesse unha axuda de 2.000 €.**

PUNTO 21

Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos cursos de Extensión Universitaria para o 2026, nos campus de Ourense, Vigo e Pontevedra.

Expostas as características dos cursos, os prazos e as obrigas do Consello Social na aprobación dos prezos,

- **Apróbase por asentimento.**

PUNTO 22

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:55 horas do 27 de maio de 2026, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado na data da sinatura dixital)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado na data da sinatura dixital)

Concluída a sesión, como aportación ao punto 9 da orde do día, e atendendo unha petición expresa do reitor Manuel Reigosa, incorpórase como anexa á acta unha documentación asinada polo presidente da Mesa de Contratación da Universidade de Vigo, Félix Quintero.

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado na data da sinatura dixital)